


**UGT, CCOO e a CES reivindicán a necesidade de empregos de calidade e o rexeitamento á desregulación, austeridade e a culpabilización da poboación migrante**

## MÁIS DE 10.000 PERSOAS ATEIGAN O PAZO DE VISTALEGRE EN MADRID NA GRAN MOBILIZACIÓN DE SINDICATOS DE TODA EUROPA

**UGT-Galicia participou cunha delegación de preto de 200 persoas**

**Redacción.-** Por primeira vez a Confederación Europea de Sindicatos (CES) celebrou en España un dos seus grandes actos europeos, unha iniciativa que “ten un gran peso político e permite situar no debate europeo as principais reivindicacións das persoas traballadoras”.

A CES “leva desde os anos 60 marcando a pauta da parte social e sindical máis importante da Unión Europea” e, tras celebrar centos de actos en decenas de países europeos, este encontro supón un momento especialmente relevante ao ce-



lebrarse por primeira vez en España.

Un acto no que se “defendeu unha Europa máis social e reivindicáronse cuestións fundamentais como a repartición da riqueza, a subida dos salarios, a vivenda e a defensa dos servizos públicos”. Neste sentido, os intervintes tamén mostraron o seu rexeitamento ás políticas de austeridade e á falta de recursos destinados ás políticas sociais, que “minguan a posibilidade de acceder a máis dereitos sociais”.

“Hai que investir nas persoas traballadoras da Unión Europea”, defenderon todas e todas, e consideraron necesario que Europa avance na protección dos dereitos laborais e sociais e reforce a súa capacidade para responder aos retos actuais.

Tamén subliñaron que “o contexto in-

ternacional actual, marcado por unha situación xeopolítica complexa e por unha guerra nas fronteiras da Unión Europea, fai máis necesario que nunca que Europa defenda o multilateralismo e un modelo baseado na cooperación”.

Neste sentido, neste multitudinario acto reclamouse que a Comisión Europea desempeñe un papel activo na defensa dun proxecto europeo que non permita que “os países máis poderosos marquen as regras do xogo”, senón que garanta un equilibrio baseado nos dereitos e a solidariedade.

Ademais, advertiuse das ameazas de recortes económicos e de dereitos que poden afectar ao futuro do sindicalismo europeo e trasladouse a firme oposición do movemento sindical a calquera medida que supoña un retroceso nas conquistas sociais alcanzadas.


### Máis e mellor Europa

Este encontro está a ser unha reivindicación de todas as

prioridades que deben estar no centro da axenda europea: sanidade, educación, dereitos laborais e vivenda.

Os traballadores e traballadoras da Unión Europea non poden mirar cara a outro lado ante un momento no que se están poñendo en cuestión dereitos e liberdades fundamentais.

A resposta debe pasar por reforzar o proxecto europeo desde a solidariedade. Fronte aos individualismos e o ‘sálvese quen poida’, a Unión Europea debe defender o común para todos os cidadáns. Ademais, este acto abre un novo camiño para reivindicar unha Europa con máis dereitos, máis xustiza social e maior protección para os traballadores e traballadoras.



## UGT-GALICIA CELEBRA O DÍA 23 EN SANTIAGO O SEU 2º COMITÉ NACIONAL

**Redacción.-** UGT-Galicia vai celebrar o día 23 en Santiago, na Cidade da Cultura, o seu II Comité Nacional.

Lembrar que o Comité Nacional é o máximo órgano de dirección do Sindicato entre congresos.

Nel analízase a situación actual, márcanse as pautas e seguir na acción sindical de cara os vindeiros meses e débátese e analízanse outras cuestións internas do Sindicato.

Así, están convocadas preto de 100 persoas, entre a Comisión Executiva galega, Comisión de control, os delegados e delegadas en representación das unións comarcais e das federacións de nacionalidade e unha representación das áreas LGTBI, de Muller e RUGE.



## DÚAS NOVAS XORNADAS DE FOLGA NO METAL DA CORUÑA SECUNDADAS MASIVAMENTE

*As próximas xornadas están previstas para os días 30 de xuño e 2, 7 e 9 de xullo*

**Redacción.-** Este martes e mércores o sector do metal da provincia da Coruña volve a vivir dúas intensas xornadas de folga en demanda dun convenio digno, ante unha patronal que nas últimas xuntanzas mantívose intransixente coas propostas da plataforma sindical e inmóbil nas súas achegas.

Isto levou aos sindicatos a manter as dúas xornadas de folga, e xa van oito, e a programar outras catro para os días 30 de xuño, 2, 7 e 9 de xullo, se non se chega antes a un acordo que desconxestione o conflito.

Neste contexto, a patronal solicitou unha mediación no AGA á que os tres sindicatos, UGT, CCOO e CIG, como acto de responsabilidade deron resposta ao Consello Galego de Relacións Laborais, aceptando dita solicitude.

UGT FICA agarda que a patronal vaia ao AGA con espírito negociador e poña enriba da mesa propostas dignas de ser valoradas que permitan chegar a un acordo na negociación do convenio, poñendo así

punto e final ao conflito.

Para UGT, este movemento da patronal é consecuencia da unidade e determinación do sector que amosou unha loita exemplar fronte ao immobilismo da patronal.

Dende UGT FICA insístese en que as principais liñas de traballo deben ser:

Vixencia do convenio.

Incremento salarial xusto con revisión sen tope dende o 1 de xaneiro.

Redución de xornada e considerar o tempo do bocadillo como xornada efectiva.

O cómputo de permisos e licenzas debe ser en días laborables e incrementar os tempos de acompañamento ao médico



de fillos e persoas maiores.

Garantir as xubilacións anticipadas.

Atallar a precarización do persoal fixo discontinuo e contratado a través de ETT.

Limitar a subcontratación e estender o dereito de subrogación.

Regular os pluses de penosidade, perigosidade e toxicidade.

## FOLGA NO COMERCIO DE ALIMENTACIÓN DA CORUÑA OS DÍAS 21, 22, 23 E 24 DE XUÑO

**Redacción.-** As traballadoras e traballadores do comercio de alimentación da provincia da Coruña acordaron nas diversas asembleas celebradas retomar a senda das mobilizacións en demanda dun convenio xusto e digno para o sector ante a cerrazón da patronal.

Así, están convocadas xornadas de folga

os días 21, 22, 23 e 24 de xuño.

Na última reunión, UGT, CCOO e CIG acudiron cunha plataforma unitaria á que a patronal non foi capaz de dar resposta nin de achegar unha alternativa sobre a que poder negociar.

Os tres sindicatos están dispostos a

sentarse de novo a negociar para intentar chegar a un convenio digno no que se melloren as retribucións, os tempos de traballo e todo o relativo á conciliación da vida persoal e laboral.

Pero, polo de agora, a patronal segue a dar a calada por resposta, polo que as xornadas de folga convocadas mantéñense.

# UGT ASINA O SEGUNDO ACORDO RETRIBUTIVO PARA AS TENDAS DO GRUPO INDITEX CON NOVAS MELLORAS SALARIAIS E SOCIAIS

*O acordo contempla incrementos salariais do 4% anual ata 2028, melloras en axudas sociais, novos complementos retributivos e préstamos privados ao 0% para o persoal*

**GRedacción.-** UGT asinou –xunto ao resto de organizacións sindicais con representación na mesa negociadora– o segundo acordo retributivo para as persoas traballadoras das tendas do Grupo Inditex, un acordo que incorpora importantes melloras económicas e sociais que reforzan as condicións laborais do persoal e consolidan avances en materia salarial.

Entre as medidas máis salientables atópase un incremento salarial do 4% anual para os anos 2026, 2027 e 2028, aplicable a todos os conceptos retributivos. Ademais, as novas contías terán efectos retroactivos desde o 1 de xaneiro de 2026, abonándose os atrasos correspondentes na nómina de outubro.

O acordo tamén actualiza as garantías de ingresos mínimos anuais para os distintos grupos profesionais, establecendo novas referencias salariais e contemplando un pago único do 4% para compensar a ausencia de incremento no acordo anterior. Así mesmo, garátese a aplicación dos incrementos pactados durante toda a vixencia do acordo.

## Melloras nas axudas sociais

No ámbito social, o acordo incorpora novas prestacións e amplía dereitos xa existentes. Entre as novidades figura unha axuda de 100 euros por matrimonio ou constitución de parella de feito.

Tamén se recoñece unha axuda para estudos universitarios das persoas traballadoras, equiparándoa á xa existente para fillos e fillas. Ademais, amplíanse os requisitos para acceder ás axudas destinadas a familiares con discapacidade, elevando o límite de renda ata o Salario Mínimo Interprofesional e incorporando as enfermidades raras como suposto protexido.

Todas as axudas sociais experimentarán unha actualización vinculada ao incremento salarial pactado.

## Recoñecemento profesional e melloras retributivas

O acordo reforza o recoñecemento de determinadas funcións encadradas no Grupo 4, incluíndo perfís de merchandising, visual, operacións de alma-



ción e people. Ademais, calquera substitución temporal de postos deste grupo profesional deberá ser compensada mediante o abono da correspondente diferenza salarial durante todo o tempo que dure a substitución.

## Préstamos privados sen intereses

Outra das novidades relevantes é a creación dun sistema de préstamos privados ao 0% de interese para as persoas traballadoras, que entrará en vigor o 1 de febreiro de 2027.

As cantidades oscilarán entre os 2.000 e os 10.000 euros en función da antigüidade na empresa, con devolución en ata 90 cotas. O sistema contará cunha dotación anual e, unha vez esgotada, as solicitudes pasarán a unha lista de espera para o exercicio seguinte.

## Novos complementos e melloras en compensacións

O acordo incorpora tamén melloras en diferentes complementos retributivos:

Recarga do 30% sobre o valor da hora ordinaria para os peches de sábado a partir das 20.00 horas e ata o

peche da tenda.

Recarga do 30% sobre a hora ordinaria durante o Black Friday e o primeiro día de rebaixas.

Complemento específico para as Big Store de 0,30 euros por hora traballada.

Actualización da compensación por traballo en domingos e festivos na mesma porcentaxe que os incrementos salariais pactados.

## UGT seguirá defendendo os dereitos dos cadros de persoal

Desde UGT valoramos positivamente os avances recollidos neste segundo acordo retributivo, que supón unha mellora das condicións laborais e económicas das persoas traballadoras das tendas do Grupo Inditex.

No entanto, o sindicato lembra que estes avances non fan esquecer os retrocesos que, a xuízo de UGT, provocaron acordos anteriores asinados por outras organizacións sindicais. Por iso, a organización continuará traballando para recuperar dereitos, evitar novos retrocesos e garantir que as melloras laborais sigan chegando aos traballadores e traballadoras do sector.

## ASINADO O CONVENIO DO COMERCIO DO METAL DE OURENSE CON IMPORTANTES MELLORAS NO EIDO SALARIAL E SOCIAL

**Redacción.-** UGT ven de asinar o novo convenio do comercio do metal da provincia de Ourense, tras un longo período de negociacións e mobilizacións.

Dende UGT explícase que o convenio terá unha vixencia de catro anos, dende o 1 de xaneiro de 2026 ata o 31 de decembro de 2029.

Prevé reducións na xornada laboral, así, no 2026 será de 40 horas e dende o 2027 a xornada máxima quedará fixada nas 1.782 horas ao ano.

Ademais, equipárase a figura do titor legal ao primeiro grado en licenzas e permisos e prevese que os incentivos sexan publicados ao comeza da cada

ano.

Entre as melloras económicas, destacan os salarios base para o 2026 de 1.140 euros ao mes para o grupo 1; 1.150 para o 2; 1.200 para o 3; 1.250 para o 4 e 1.300 para o 5.

En canto aos incrementos salariais, estes serán no 2027 do IPC do 2026 máis o 0,5%; no 2028, IPC de 2027 máis o 0,75%; e no 2029, o IPC de 2028 máis o 1%.



Os festivos traballados deberán compensarse de mutuo acordo e cun 150% de compensación en descanso ou económica.

### UGT APÚNTASE UN TANTO HISTÓRICO

## O TRIBUNAL SUPREMO RATIFICA QUE O CONVENIO DE TRANSPORTE DE PONTEVEDRA AMPARA A TODO O SECTOR DA MESAXERÍA E O REPARTO

**Redacción.-** A Sala do Social do Tribunal Supremo ditou unha sentenza histórica que supón un respaldo definitivo á negociación colectiva e á protección dos dereitos laborais no sector do transporte, a mensaxería e a repartición da provincia de Pontevedra. O Alto Tribunal desestimou integramente o recurso de casación interposto pola Asociación Española de Empresas de Mensaxería (AEM), confirmando a validez do artigo 1 do Convenio Colectivo de Transporte de Mercancías por Estrada de Pontevedra (2023-2026).

A patronal do sector da mensaxería pretendía excluír da regulación do convenio provincial a todas aquelas empresas de repartición e última milla que operan con vehículos lixeiros e que non precisan de autorización administrativa (tarxeta de transporte). O Tribunal Supremo, sintonizando coas teses defendidas por UGT, deixou claro que a similitude de actividades e a realidade do sector permiten que o convenio de transportes actúe como unha norma de cobertura lexítima e necesaria, dotando de total certeza xurídica ao mercado laboral da provincia.

### Lexitimación e índices de representatividade

Fronte ás pretensións da deman-

dante de restar lexitimidade á mesa negociadora, a resolución xudicial subliña que a patronal provincial (A S E - TRANSPO) demostrou unha representatividade real e moi superior, acreditando a asociación de máis dun centenar de empresas dedicadas á paquetería e mensaxería con vehículos lixeiros en Pontevedra.

### UGT fiscalizará o cumprimento estrito

Tras este éxito xudicial definitivo, UGT advirte que non tolerará nin un só día máis de descolgues ou aplicacións de normativas inferiores. O sindicato anuncia que activará unha campaña de fiscalización estrita en toda a provincia de Pontevedra para comprobar que todas as empresas de transporte, mensaxería, paquetería, operadores loxísticos e pla-



taformas de repartición apliquen de forma rigorosa as táboas salariais, as xornadas e o resto de condicións laborais recollidas no convenio colectivo provincial.

UGT intensificará a acción sindical e, en caso de detectar calquera incumprimento ou resistencia á aplicación do convenio de transportes aos cadros de persoal de mensaxería, acudirá de inmediato á Inspección de Traballo e aos tribunais para garantir os dereitos que o Tribunal Supremo acaba de ratificar de xeito irrevogable.

## OS TRABALLADORES DA SEGURIDADE SOCIAL MOBILÍZANSE POLO CUMPRIMENTO DOS ACORDOS ASINADOS

**Redacción.-** Representantes de UGT, CSIF, CCOO e CIG concentráronse este mércores ante a Dirección Provincial da Seguridade Social na Coruña para reclamar ao Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións o cumprimento dos acordos subscribidos coa representación dos traballadores e a adopción de medidas que permitan garantir o futuro dun servizo fundamental para a cidadanía.

A mobilización celebrada na Coruña forma parte dunha xornada de protestas desenvolvida simultaneamente en distintas provincias do Estado, entre elas Madrid, Valencia, A Rioxa, Sevilla, Zaragoza, Murcia, Bilbao, Xirona, Albacete, Oviedo, Santander, Palma de Mallorca, Tenerife e As Palmas.

As organizacións sindicais denuncian que, a pesar dos compromisos adquiridos pola Administración, continúan sen producirse avances reais en cuestións fundamentais para o funcionamento da Seguridade Social. Entre elas destacan a reorganización administrativa, a cobertura e provisión de postos de traballo, a estabilización e rexuvenecemento dos cadros de persoal, a mobilidade do persoal, o desenvolvemento do traballo a distancia, a mellora da formación, a prevención de riscos laborais e a promoción profesional.

Así mesmo, alertan de que as pro-



atividade do persoal da Seguridade Social seguen sen actualizarse en liña coas melloras aplicadas noutros organismos da Administración Xeral do Estado, unha situación que dificulta a captación e retención de profesionais nun organismo que afronta importantes retos presentes e futuros.

Os sindicatos advirten de que o incumprimento dos acordos está a ter consecuencias directas sobre as condicións laborais do persoal e sobre a calidade do servizo prestado á cidadanía. Na actualidade, unha porcentaxe significativa dos postos permanece vacante, mentres que o progresivo envellecemento do persoal agrava a situación. Segundo denuncian as organizacións convocantes, en apenas cinco anos a metade do persoal estará en idade de xubilación.

Esta falta de efectivos tradúcese nunha crecente sobrecarga de traballo e en maiores dificultades para ofrecer unha atención adecuada aos cidadáns. Existen oficinas con cadros de persoal mínimos, integradas por apenas un, dous ou tres traballadores, e que os tempos de espera para determinados trámites continúan sendo elevados. Tamén existen atrasos na xestión de prestacións como o Ingreso Mínimo Vital.

UGT, CSIF, CCOO e CIG reiteraron que manterán o calendario de mobilizacións mentres non se adopten as medidas necesarias para dar cumprimento aos acordos asinados e reforzar unha institución crave para o sostemento do Estado do benestar. As organizacións subliñan que mellorar as condicións de traballo dos persoais é tamén unha garantía para ofrecer unha mellor atención e un mellor servizo a toda a cidadanía.

## UGT esixe medidas ante o aumento da siniestralidade laboral: case 194.000 accidentes con baixa nos catro primeiros meses do ano

**Redacción.-** Durante os catro primeiros meses do ano producíronse 193.946 accidentes de traballo con baixa, o que supón un aumento do 2,2%. 231 accidentes laborais acabaron con resultado mortal, ocorrendo 190 durante a xornada de traballo, diminuíndo estes últimos nun 1,6%. Para UGT, estas cifras son inaceptables e urxe implementar medidas para non ter que seguir lamentando máis lesións e mortes de persoas traballadoras.

Os golpes contra obxectos e os sobreesforzos físicos son as causas principais dos accidentes de traballo con baixa durante a xornada laboral, con 48.247 e 43.966 casos respectivamente. Doutra banda, os infartos e derrames cerebrais, e

as caídas da persoa traballadora, continúan sendo as primeiras causas de morte durante a xornada laboral, con 82 e 34 casos respectivamente.

Estas causas véñense repetindo ao longo do tempo e séguese sen dar solución. Son mortes que deberían evitarse implementando as medidas preventivas adecuadas, dotando á persoa traballadora da formación preventiva necesaria e de equipos de protección individual. En canto ás mortes por infartos e derrames cerebrais, poden estar relacionadas coa exposición a riscos psicosociais de orixe laboral. Devanditos riscos deben xestionarse de xeito adecuado nas empresas.

Por iso, é importante a aprobación da reforma da Lei de Prevención de Riscos Laborais, que aprobou o pasado 28 de abril o Consello de Ministros. O anteproxecto de lei reforza a obrigação de xestionar os riscos psicosociais e, ademais, inclúe un compromiso para a súa regulación de forma específica, entre outros. Igualmente, aborda os novos riscos laborais derivados das transicións climática, demográfica e dixital, e dota de perspectiva de xénero á xestión preventiva. Doutra banda, nun momento no que a calor xa está a afectar a distintos puntos da península, desde UGT reiteramos a importancia da prevención dos accidentes de traballo provocados pola exposición a altas temperaturas, xa sexa en traballos á intemperie ou en espazos pechados.